

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

6277 *Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os anexos I, III e VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización.*

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, regula nos seus anexos o contido de cada unha das carteiras de servizos de saúde pública, atención primaria, atención especializada, atención de urxencia, prestación farmacéutica, prestación ortoprotésica, prestación con produtos dietéticos e transporte sanitario, con base no disposto na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.

O artigo 6 do dito real decreto establece que mediante orde do actual Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, poderá concretarse e detallarse o contido das diferentes epígrafes da carteira de servizos comúns recollidos nos seus anexos.

O artigo 7 sinala que a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, contida nos anexos do dito real decreto, se actualizará mediante orde do actual Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, o artigo 8 indica que a aprobación definitiva das propostas de actualización de carteira formuladas pola Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento corresponderá ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

A Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento valorou unha serie de solicitudes de actualización da carteira común, relativas ao cribado poboacional de cancro de cérvix, ao lector ocular, á micropigmentación da aréola mamaria e da mamila como parte da reconstrución mamaria e á ampliación da idade de financiamento dos audífonos, unha vez levadas a cabo as actuacións correspondentes, de acordo co establecido na Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde. Ademais, continuouse concretando e actualizando o catálogo común de prestación ortoprotésica.

No que respecta ao cribado de cancro de cérvix e en liña co recollido na actualización da Estratexia en cancro do Sistema nacional de saúde de 2009, a Orde SSI/2065/2014, do 31 de outubro, pola que se modifican os anexos I, II e III do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, detallou os cribados de cancro, de maneira que se incluíron os programas poboacionais de cribado de cancro de mama e colon. No caso do cribado de cancro de cérvix, a dita norma estableceu a poboación albo, a proba de cribado e o intervalo entre exploracións. A introdución da vacina fronte ao virus do papiloma humano (en diante, VPH), as técnicas de detección do VPH, a chegada á idade de cribado das primeiras cohortes de mulleres vacinadas fronte ao VPH, e os avances no coñecemento científico, reflectidos na actualización das guías europeas para a garantía de calidade no cribado de cancro de cérvix suscitaron a necesidade de revisar a maneira en que o Sistema nacional de saúde está ofertando este cribado, fundamental para a prevención deste tipo de cancro en España.

A Comisión de saúde pública e a Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento acordaron a proposta formulada por un grupo de expertos creado para establecer un consenso que permitise orientar a prestación do programa do cribado de cancro de cérvix no Sistema nacional de saúde, tendo en conta a evidencia científica e a

factibilidade. A complexidade da posta en marcha dun cribado poboacional coas adecuadas garantías de calidade e a necesaria reavaliación do programa pola chegada á idade de cribado das primeiras cohortes de mulleres vacinadas fronte ao VPH exigen que a súa implantación se faga de forma gradual. Ademais, no caso de mulleres vacinadas que alcancen a idade de cribado, o programa deberá irse adaptando á evidencia científica dispoñible.

Por outra parte, con relación coas mulleres que como consecuencia dun cancro de mama sufriron unha mastectomía, o Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, non explicita se a micropigmentación da aréola mamaria e da mamila está incluída na carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde como parte da reconstrución mamaria, o que podería estar xerando inequidades no acceso a esta atención das mulleres afectadas. A Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento, tras analizar a situación desta técnica nas diferentes comunidades autónomas e o informe de avaliación realizado pola Rede española de axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias e prestacións do Sistema nacional de saúde, acordou clarificar na norma que a micropigmentación da aréola mamaria e da mamila para mulleres mastectomizadas forma parte da reconstrución mamaria, co fin de que esta prestación se facilite de forma homoxénea en todo o Sistema nacional de saúde. Non obstante, a necesidade de contar con profesionais formados para a súa adecuada realización exige un mínimo período de tempo para que a súa implantación poida ser efectiva en todo o Sistema nacional de saúde.

Por outro lado, existen determinados pacientes con trastornos neuromotores graves que en fases avanzadas da súa enfermidade perden totalmente a capacidade de comunicación co seu contorno, o que supón un agravante da súa situación, e para os que determinados sistemas de comunicación, que teñen a consideración de produtos sanitarios, poden permitirles a súa relación cos seus familiares e co seu contorno social, o que os conduce a ganar autonomía e reducir o seu illamento.

A Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento creou un grupo de traballo que elaborou un protocolo de indicación dos lectores oculares ou doutros sistemas de comunicación para estes pacientes e propuxo alternativas para a súa facilitación e reutilización nos casos frecuentes en que o paciente xa non pode seguir utilizándoos. Á vista deste protocolo, a Comisión propuxo a súa inclusión dentro da atención especializada en consultas, para pacientes con trastornos neuromotores graves, como son os pacientes con esclerose lateral amiotrófica e outros que, pola afectación severa dos membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita que padecen, non poden comunicarse.

Finalmente, a Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, se regula o procedemento de inclusión, alteración e exclusión da oferta de produtos ortoprotésicos e se determinan os coeficientes de corrección, desenvolve o catálogo común de prestación ortoprotésica suplementaria no relativo ás epígrafes de cadeiras de rodas, órteses e ortoprotésese especiais e na súa disposición adicional segunda, dá un prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor para que os responsables da prestación ortoprotésica adapten os seus respectivos catálogos ao disposto no catálogo común establecido na dita orde.

Dada a complexidade das próteses externas que na maioría dos casos son produtos de elaboración a medida, pospúxose o desenvolvemento deste número do catálogo común para unha regulación posterior. O grupo de traballo dependente do Comité asesor para a prestación ortoprotésica que veu elaborando o catálogo común finalizou a proposta da parte do catálogo común de próteses externas relativa a próteses distintas ás próteses de membros, próteses auditivas que comprenden os audífonos e os recambios dos compoñentes externos dos implantes auditivos e outros recambios de compoñentes externos de implantes cirúrxicos. Esta proposta determina os tipos de produtos incluídos, a complexidade de elaboración, vida media e o importe máximo de

financiamento de cada tipo de produto. Algúns tipos de produtos de próteses distintas ás próteses de membros a medida engloban produtos que teñen unhas características moi diferentes segundo a extensión da lesión do paciente, de modo que non se pode fixar un importe máximo de financiamento, polo que se estableceu que se financiarán ao prezo que reflicta o establecemento dispensador na factura. A proposta do grupo foi valorada polo citado comité asesor e elevada á Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento, que acordou, co fin de avanzar na regulación do catálogo de próteses externas, propor a súa inclusión na seguinte orde de actualización de carteira que se publique. Aos produtos correspondentes aos tipos que comprende o número do catálogo común que recolle esta norma sonlle de aplicación o procedemento de oferta e demais aspectos que regula a Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro.

Así mesmo, a citada comisión acordou aumentar a idade de financiamento dos audífonos que actualmente é até os dezaseis anos, co obxecto de que esta prestación chegue a un maior número de persoas, como solicitaron en diversas ocasións as asociacións de pacientes. A Comisión formulou aumentar este límite de idade até os vinte e seis anos, por considerar esta franxa de idade como crítica no desenvolvemento e evolución da persoa para lograr unha mellor inserción, tanto no ámbito laboral como de estudos, e desa forma poder mellorar as súas perspectivas de futuro, así como facilitar a súa integración. Para que esta ampliación sexa sustentable para o Sistema nacional de saúde, acordouse que se faga de forma gradual, de maneira que se financien os audífonos inicialmente até os vinte anos e se incorpore cada ano un tramo de idade mínimo de dous anos, até alcanzar os vinte e seis anos.

A presente orde pretende facer efectivas as mencionadas propostas da Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento, relativas á concreción e actualización dos anexos do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, nas epígrafes da carteira común do Sistema nacional de saúde correspondentes a actividades para detectar as enfermidades en fase presintomática mediante cribado, á atención especializada en consulta para incluír os lectores oculares ou outros sistemas de comunicación, á atención ás mulleres mastectomizadas e no relativo a próteses externas.

Por último, cabe sinalar que esta orde se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que esta persegue un interese xeral ao pretender facilitar aos pacientes o acceso aos tratamentos que lles son necesarios, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos e resulta coherente co ordenamento xurídico tanto nacional como europeo.

Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma, foi sometida aos trámites de consulta pública previa e de audiencia e información pública. Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o Consello de Consumidores e Usuarios, o Consello Nacional da Discapacidade, a Comisión Delegada e o Comité Consultivo do Sistema Nacional de Saúde e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde emitiron informe sobre ela, consultáronse as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e as mutualidades de funcionarios e sectores afectados, e quedan xustificadas no preámbulo os obxectivos que persegue esta orde.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización.

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, queda modificado como segue:

Un. O número 3.3.2.3 do anexo I queda redactado da seguinte maneira:

«3.3.2.3 Cribado poboacional de cancro de cérvix: con carácter xeral, realizarase aplicando os seguintes criterios:

- a) Poboación obxectivo: mulleres con idades comprendidas entre 25 e 65 anos.
- b) Proba primaria de cribado e intervalo entre exploracións:
 - 1.º Mulleres con idades comprendidas entre 25 e 34 anos: citoloxía cada tres anos.
 - 2.º Mulleres con idades comprendidas entre 35 e 65 anos: determinación do virus do papiloma humano de alto risco (VPH-AR):
 - i. Se VPH-AR é negativo, repetir proba VPH-AR aos cinco anos.
 - ii. Se VPH-AR é positivo, triaxe con citoloxía. Se a citoloxía é negativa, repetir VPH-AR ao ano.

Para poder levar a cabo a avaliación deste programa de cribado, de acordo co previsto no número 3.3.2.4, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla incluírán, entre os datos que recolla o seu sistema de información do programa poboacional de cribado de cancro de cérvix para toda a poboación albo obxecto do programa, se a muller foi vacinada fronte ao VPH e, se for o caso, a data da vacinación, as doses administradas e os xenotipos vacinais da vacina administrada.»

Dous. O número 1.4 do anexo III queda redactado da seguinte maneira:

«1.4 Indicación e, se for o caso, administración de medicación, nutrición parenteral ou enteral, curas, material funxible e outros produtos sanitarios que sexan precisos. Como parte dos produtos sanitarios facilitarase, seguindo o correspondente protocolo e aplicando un procedemento que permita a súa reutilización, o lector ocular ou outro sistema de comunicación para pacientes con trastornos neuromotores graves, con afectación severa de ambos os membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita, fundamentalmente pacientes con esclerose lateral amiotrófica, trombose da arteria basilar, parálise cerebral infantil, traumatismo craneoencefálico e mielinólise pontina, con suficiente capacidade mental, intelectual, de aprendizaxe e de control para o seu manexo de forma segura e eficaz.»

Tres. O número 5.1.2 do anexo III queda redactado da seguinte maneira:

«2. Neoplasias: neoplasia maligna de labio, cavidade oral e farinxe, neoplasias malignas dos órganos dixestivos e do peritoneo, neoplasia maligna dos órganos respiratorios e intratorácicos, neoplasia maligna de óso, tecido conectivo, pel e mama (incluída a micropigmentación da aréola mamaria e da mamila como parte da reconstrución mamaria para mulleres mastectomizadas), neoplasia maligna de órganos xenitourinarios, neoplasia maligna doutras localizacións e de localizacións non especificadas, neoplasia maligna de tecidos linfáticos e hematopoéticos, neoplasias benignas, carcinoma *in situ*, neoplasias de evolución incerta e neoplasias de natureza non especificada.»

Catro. Modifícase a descrición do grupo 06 30 Próteses distintas ás próteses de membros do número 7 do anexo VI, que queda redactado da seguinte maneira:

«Grupo: 06 30 *Próteses distintas ás próteses de membros*

Subgrupo: 06 30 18 Próteses de mama en casos de traumatismo, enfermidade ou malformación conxénita (non se considera incluído o suxeitador posoperatorio):

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PDM 000 Prótese externa de mama incluída, se o precisa, a funda.	PDM 000A Prótese externa de mama, en silicona sólida.	BAS	24 meses.	186,49	169,54
	PDM 000B Prótese externa de mama, en silicona lixeira.	BAS	24 meses.	200,52	182,29
	PDM 000C Prótese externa de mama, en silicona ultralixeira.	BAS	24 meses.	212,87	193,52
PDM 010 Prótese parcial externa de mama.	PDM 010A Prótese parcial externa de mama.	ADAP1	24 meses.	161,70	147,00

Subgrupo: 06 30 30 Prótese de restauración facial, incluíndo as de nariz e/ou pavillóns auriculares e/ou globos oculares en casos de traumatismo, enfermidade ou malformación conxénita:

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (Código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PDC 000 Prótese ocular.	PDC 000A Prótese ocular externa para cavidade anoftálmica (enucleación ou evisceración), a medida.	MED	24 meses.	1.033,65	939,68
	PDC 000B Prótese ocular externa para cavidade non anoftálmica tipo cascarilla, a medida.	MED	24 meses.	1.215,84	1.105,31
PDC 010 Prótese de restauración de órbita.	PDC 010A Epítese de restauración de órbita non implantosoportada, a medida (inclúe prótese ocular).	MED	24 meses.	2.067,35	1.879,41
	PDC 010B Epítese de restauración de órbita implantosoportada con dous implantes, a medida (inclúe prótese ocular).	MED	24 meses.	3.075,05	2.795,50
PDC 020 Prótese corneal.	PDC 020A Lente corneal protésica.	ADAP2	12 meses.	556,37	505,79
PDC 030 Pavillón auricular.	PDC 030A Epítese de pavillón auricular non implantosoportada, a medida.	MED	24 meses.	1.503,95	1.367,23
	PDC 030B Epítese de pavillón auricular implantosoportada con dous implantes, a medida.	MED	24 meses.	2.512,35	2.283,95
PDC 040 Prótese de restauración do nariz.	PDC 040A Epítese nasal non implantosoportada, a medida.	MED	24 meses.	1.989,38	1.808,53
	PDC 040B Epítese nasal implantosoportada con tres implantes, a medida.	MED	24 meses.	3.484,88	3.168,07
PDC 050 Prótese facial.	PDC 050A Epítese facial non implantosoportada para pequenos defectos, a medida.	MED	24 meses.	550,00	500,00
PDC 060 Prótese facial-órbita-naso-palatina.	PDC 060A Epítese facial-órbita-naso-palatina non implantosoportada, a medida.	MED	18 meses.	SP	SP
	PDC 060B Epítese facial-órbita-naso-palatina implantosoportada, a medida.	MED	18 meses.	SP	SP

No caso das epíteses implantosoportadas que requiran maior número de implantes, ao IMF sumaráselle o valor de cada implante adicional que precise (500 € por implante mecánico e 800 € por implante magnético).

Subgrupo: 06 30 33 Próteses de maxilares:

Categorías (Código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PDP 000 Prótese de maxilar superior.	PDP 000A Prótese de maxilar superior non implantosoportada, a medida, para malformacións conxénitas, grandes traumatismos e procesos oncolóxicos, que afectan a cavidade oral.	MED	18 meses.	SP	SP
	PDP 000B Prótese de maxilar superior implantosoportada, a medida, para pacientes con procesos oncolóxicos que afectan a cavidade oral que impliquen a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía ou o seu tratamento, e pacientes con malformacións conxénitas que cursan con anodoncia (fisurados, malformacións linfáticas, displasia ectodérmica, síndrome craniofaciais, etc.).	MED	18 meses.	SP	SP
PDP 010 Prótese de maxilar inferior.	PDP 010A Prótese de maxilar inferior non implantosoportada, a medida, para malformacións conxénitas, grandes traumatismos e procesos oncolóxicos, que afectan a cavidade oral.	MED	18 meses.	SP	SP
	PDP 010B Prótese de maxilar inferior implantosoportada, a medida, para pacientes con procesos oncolóxicos que afectan a cavidade oral que impliquen a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía ou o seu tratamento, e pacientes con malformacións conxénitas que cursan con anodoncia (fisurados, malformacións linfáticas, displasia ectodérmica, síndrome craneofaciais, etc.).	MED	18 meses.	SP	SP»

Cinco. Modifícase a descrición do grupo 21 45 Axudas para a audición do número 7 do anexo VI, que pasa a denominarse grupo 22 06 Próteses auditivas, e que queda redactado da seguinte maneira:

«Grupo 22 06 Próteses auditivas

Subgrupo: 22 06 00 Audífonos para pacientes hipoacúsicos, de cero a vinte e seis anos de idade, afectados de hipoacusia bilateral neurosensorial, transmisiva ou mixta, permanente, non susceptible doutros tratamentos, cunha perda de audición superior a 40 dB no mellor dos oídos (valor obtido determinando a media das frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz). As administracións sanitarias competentes vincularán o financiamento dos audífonos e dos moldes adaptadores a programas de detección precoz, tratamento completo e seguimento da hipoacusia, así como ao estilo de vida dos pacientes:

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAA 000 Audífono dixital intra-auricular.	PAA 000A Audífono intra-auricular IIC (invisible in the canal).	ADAP3	48 meses.	1.500,00	1.363,64
	PAA 000B Audífono intra-auricular CIC (completely in the canal).	ADAP3	48 meses.	1.500,00	1.363,64
	PAA 000C Audífono intra-auricular ITC (in the canal).	ADAP3	48 meses.	1.500,00	1.363,64
	PAA 000D Audífono intra-auricular ITE (in the ear).	ADAP3	48 meses.	1.500,00	1.363,64
PAA 010 Audífono dixital retro-auricular.	PAA 010A Audífono retro-auricular RITE/RIC (receiver in the ear/canal).	ADAP2	60 meses.	1.200,00	1.090,91
	PAA 010B Audífono retro-auricular BTE (behind the ear).	ADAP2	48 meses.	1.200,00	1.090,91
	PAA 010C Audífono retro-auricular BTE superpotente (power).	ADAP2	48 meses.	1.200,00	1.090,91

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAA 020 Sistemas bi-cross.	PAA 020A Sistema bi-cross de audífono intra-auricular.	ADAP3	48 meses.	2.250,00	2.045,45
	PAA 020B Sistema bi-cross de audífono retro-auricular.	ADAP2	60 meses.	1.800,00	1.636,36
PAA 030 Varas, diademas ou bandas auditivas.	PAA 030A Vareta ou diadema auditivo aéreo/óseo.	ADAP2	60 meses.	1.200,00	1.090,91
	PAA 030B Banda elástica suave con procesador de condución ósea incorporado para nenos, previo á cirurxía.	ADAP2	84 meses.	5.171,25	4.701,14

Facilitaranse os audífonos con telebobina con capacidade de conexión con sistemas de indución magnética, integrada neles, en caso de que o paciente o solicite e as características do dispositivo o permitan.

Subgrupo: 22 06 90 Moldes adaptadores e outros compoñentes de audífonos para pacientes que cumpran os requisitos para recibir audífonos:

Categorías (Código homologado e descrición)	Tipos de produtos (Código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAM 000 Molde adaptador para audífono.	PAM 000A Molde adaptador para audífono retro-auricular BTE/BTE súper potente (unidade).	COMP0	24 meses.	33	30,00
	PAM 000B Micromolde para audífono retro-auricular RITE/RIC (unidade).	COMP0	24 meses.	44	40,00
	PAM 000C Molde con auricular integrado para audífono retro-auricular RITE/RIC (unidade).	COMP2	24 meses.	121	110,00
PAM 010 Outros compoñentes para audífonos.	PAM 010A Tubo auricular para audífono retro-auricular RITE/RIC (inclúe adaptador estándar).	COMP0	12 meses.	77	70,00

Subgrupo: 22 06 99 Recambios de compoñentes externos de implantes auditivos. O procedemento de acceso aos recambios que estableza cada Administración sanitaria competente incluírá o mecanismo que considere máis adecuado para a activación, programación e revisións que se precisen. A solicitude de inclusión na oferta dun produto pertencente a un dos tipos das categorías PAI 010 e PAI 030 require que veña acompañada ou se dispoña xa na oferta dos seus correspondentes compoñentes dos tipos pertencentes ás categorías PAI 020 e PAI 040, respectivamente:

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAI 000 Sistema básico completo para implante de condución ósea.	PAI 000A Sistema básico para implante de condución ósea percutáneo (inclúe procesador, pilas* e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	4.730,00	4.300,00
	PAI 000B Sistema básico para implante de condución ósea transcutáneo activo (inclúe procesador, pilas* e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	4.730,00	4.300,00
	PAI 000C Sistema básico para implante de condución ósea transcutáneo pasivo (inclúe procesador, pilas* e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	4.730,00	4.300,00

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAI 010 Sistema básico completo para implante coclear.	PAI 010A Sistema básico completo retro-auricular para implante coclear (inclúe procesador, dous cables, antena/bobina, imán, portapilas e/ou portabaterías, se os precisa, pilas* ou dous xogos de baterías recargables, cargador de baterías, se for o caso, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	7.700,00	7.000,00
	PAI 010B Sistema básico completo corporal para implante coclear (Inclúe procesador, dous cables, antena/bobina, imán, portapilas e/ou portabaterías se os precisa, pilas* ou dous xogos de baterías recargables, cargador de baterías se for o caso, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	7.700,00	7.000,00
	PAI 010C Sistema básico completo de unidade única para implante coclear (inclúe procesador, imán, portapilas e/ou portabaterías, se os precisa, pilas* ou dous xogos de baterías recargables, cargador de baterías, se for o caso, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	7.700,00	7.000,00
	PAI 010D Sistema básico completo electroacústico para implante coclear (inclúe procesador, unidade acústica, molde, dous cables, imán, antena/bobina, portapilas e/ou portabaterías, se os precisa, pilas* ou dous xogos de baterías recargables, cargador de baterías, se for o caso, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	8.580,00	7.800,00
PAI 020 Outros compoñentes externos para implante coclear.	PAI 020A Micrófono para implante coclear.	EMP0	48 meses.	176,00	160,00
	PAI 020B Antena/bobina con imán para implante coclear.	EMP0	24 meses.	367,50	334,09
	PAI 020C Cable para solución corporal para implante coclear, para nenos e para usuarios con características especiais.	EMP0	24 meses.	152,88	138,98
	PAI 020D Cable para solución retro-auricular para implante coclear.	EMP0	24 meses.	115,01	104,55
PAI 030 Sistema básico completo para implante de tronco cerebral.	PAI 030A Sistema básico completo para implante de tronco cerebral (Inclúe procesador, dous cables, antena/bobina, imán, portapilas e/ou portabaterías, se os precisa, pilas* ou dous xogos de baterías recargables, cargador de baterías, se for o caso, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	9.542,50	8.675,00
PAI 040 Outros compoñentes externos para implante de tronco cerebral.	PAI 040A Micrófono para implante de tronco cerebral.	EMP0	48 meses.	176,00	160,00
	PAI 040B Antena/bobina para implante de tronco cerebral.	EMP0	24 meses.	367,50	334,09
	PAI 040C Cable para solución corporal para implante de tronco cerebral, para nenos e para usuarios con características especiais.	EMP0	24 meses.	152,88	138,98
	PAI 040D Cable para solución retro-auricular para implante de tronco cerebral.	EMP0	24 meses.	115,01	104,55

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PAI 050 Sistema básico completo para implante de oído medio.	PAI 050A Sistema básico para implante de oído medio con procesador externo (inclúe procesador, pilas* e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	4.070,00	3.700,00
	PAI 050B Sistema básico completo para implante de oído medio con procesador externo (inclúe procesador, cargador de baterías, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	5.390,00	4.900,00
	PAI 050C Sistema básico completo para implante de oído medio totalmente implantable (inclúe cargador de baterías, mando a distancia e soporte técnico).	EMP0	84 meses.	1.540,00	1.400,00

Facilitaranse os procesadores con telebobina con capacidade de conexión con sistemas de indución magnética, integrada neles, en caso de que o paciente o solicite e as características do dispositivo o permitan.

* As empresas facilitarán pilas en cantidade suficiente para tres anos, nunha soa entrega ou de forma gradual, co fin de asegurar as mellores condicións de uso. Con carácter xeral, para calcular o número de pilas considérase que:

- Os produtos dos tipos incluídos na categoría PAI 000 Sistema básico completo para implante de condución ósea precisan 36 pilas ao ano.
- Os produtos dos tipos incluídos nas categorías PAI 010 Sistema básico completo para implante coclear e PAI 030 Sistema básico completo para implante de tronco cerebral requiren 360 pilas ao ano.
- Os produtos do tipo PAI 050A Sistema básico para implante de oído medio con procesador externo precisan 60 pilas ao ano.

Non obstante, o número de pilas que se entregará dependerá do tempo de duración de cada unha delas notificado polo fabricante.»

Seis. Engádesse o grupo 89 99 Outros recambios de compoñentes externos de implantes cirúrxicos ao número 7 do anexo VI, coa seguinte redacción:

«Grupo: 89 99 Outros recambios de compoñentes externos de implantes cirúrxicos

Subgrupo: 89 99 00 Recambios de compoñentes externos do estimulador diafragmático ou electroestimulador do nervio frénico. O procedemento de acceso aos recambios que estableza cada Administración sanitaria competente incluírá os seguimentos e as revisións que se precisen.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PRI 000 Sistema básico completo para estimulador diafragmático ou electroestimulador do nervio frénico.	PRI 000A Sistema básico completo para estimulador diafragmático ou electroestimulador do nervio frénico (inclúe un controlador de estímulos, un módulo de programación, dúas baterías externas de níquel manganeso, un cargador especial para as baterías externas, dúas baterías recargables, un cargador para batería recargable, 4 antenas, 4 cables e unha funda).	EMP0	96 meses.	36.038,09	32.761,90

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media	IMF	IMF si
PRI 010 Outros compoñentes externos para estimulador diafragmático ou electroestimulador do nervio frénico.	PRI 010A Antena para estimulador diafragmático (unidade).	EMP0	24 meses.	632,5	575,00
	PRI 010B Cable de transferencia de enerxía para estimulador diafragmático (unidade).	EMP0	24 meses.	339,9	309,00
	PRI 010C Bateria de níquel manganeso para estimulador diafragmático (unidade).	EMP0	24 meses.	541,2	492,00»

Sete. As notas que figuran ao final do número 10. Ortoprótases especiais do anexo VI substitúense pola seguinte redacción:

«ADAP = adaptación individualizada ao usuario (ADAP1: de complexidade baixa, ADAP2: de complexidade media, ADAP3: de complexidade alta).

BAS = axuste básico ao usuario.

COMP = compoñentes, accesorios ou recambios (COMP0: compoñente constitúente dunha ortoprótese externa, accesorio ou recambio de complexidade básica; COMP1: de complexidade baixa; COMP2: de complexidade media; COMP3: de complexidade alta).

EMP0 = compoñentes externos de implantes cirúrxicos dispensados pola empresa que os comercializa, aos cales non se aplican os coeficientes de corrección, polo que o prezo de empresa será o prezo de oferta.

IMF= importes máximos de financiamento.

IMF se= importes máximos de financiamento sen impostos.

MED = elaboración a medida. Non se ofertarán os produtos correspondentes a estes tipos por estaren elaborados a medida.

SP = Tipo de produto sen IMF. Os produtos deste tipo financiaranse ao prezo de oferta, que no caso dos produtos a medida é o que reflicte o establecemento dispensador na factura.»

Disposición adicional primeira. *Implantación do cribado poboacional de cancro de cérvix.*

A implantación do cribado poboacional de cancro de cérvix farase de forma progresiva de maneira que no prazo de cinco anos contados desde a entrada en vigor da presente orde todas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla en coordinación co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (en diante, Inxesa), a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (en diante, Muface), o Instituto Social das Forzas Armadas (en diante, Isfas) e a Mutualidade Xeral Xudicial (en diante, Muxexu) deberán ter iniciado este programa e en dez anos a cobertura entendida como invitación a participar aproximarase ao cen por cento.

Disposición adicional segunda. *Implantación da micropigmentación da aréola mamaria e da mamila para mulleres mastectomizadas.*

No prazo de cinco anos contados desde a entrada en vigor da orde todas as comunidades autónomas, Inxesa, Muface, Isfas e Muxexu facilitarán a micropigmentación da aréola mamaria e da mamila como parte da reconstrución mamaria dentro da carteira común de servizos.

Disposición adicional terceira. *Idade de financiamento dos audífonos.*

A ampliación da idade de financiamento dos audífonos até os vinte e seis anos farase de forma gradual, incluíndo inicialmente até os vinte anos á entrada en vigor da presente orde e incorporando cada ano un novo tramo de idade, mínimo de dous anos, até alcanzar os vinte e seis anos.

Disposición adicional cuarta. *Prazo de adaptación das carteiras de servizos.*

As comunidades autónomas, Inxesa, Muface, Isfas e Muxexu disporán dun prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor da orde para adaptaren as súas respectivas carteiras de servizos ao disposto nesta orde.

Disposición adicional quinta. *Posta en marcha da oferta dos produtos correspondentes aos tipos de produtos dos grupos 06 30, 22 06 e 89 99 do anexo VI.*

1. A posta en marcha da oferta de produtos correspondentes aos tipos de produtos dos grupos 06 30 Próteses distintas ás próteses de membros, 22 06 Próteses auditivas e 89 99 Outros recambios de compoñentes externos de implantes cirúrxicos do número 7 do anexo VI, aterase ao previsto na disposición adicional primeira da Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, se regula o procedemento de inclusión, alteración e exclusión da Oferta de produtos ortoprotésicos e se determinan os coeficientes de corrección.

2. Co fin de facilitar ás empresas a comunicación da información dos seus produtos ao Sirpo previamente á solicitude de inclusión na oferta, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia poderán actualizarse as clasificacións do SIRPO adaptándoas ao catálogo común de prestación ortoprotésica.

Disposición transitoria única. *Próteses externas de membro superior e de membro inferior.*

En canto se establece o contido do catálogo común de próteses externas de membro superior e de membro inferior non se aplicarán nin os importes máximos de financiamento nin o procedemento de Oferta aos produtos correspondentes a estas epígrafes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día 1 de xullo de 2019.

Madrid, 26 de abril de 2019.–A ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, María Luisa Carcedo Rocés.